

NORMAS COVID PARA O ALUMNADO:

- 1.- Antes de asistir ao Centro o alumno deberá facer a autoenquisa de síntomas COVID-19 na casa, segundo as pautas do anexo I das instrucións da Consellería. A autoenquisa estará publicada na páxina web do centro, www.epapontevedra.com. Se detecta a presenza de síntomas non debe asistir ao centro e deberá poñerse en contacto co seu centro sanitario de referencia, debe indicar que é alumno do centro EPAPU Río Lérez.
- 2.- O alumno deberá comunicar ao centro educativo se da positivo en COVID-19 ou se está en corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- 3.- O alumno debe acudir ao centro unicamente nas horas nas que teña clase. Non debe permanecer nos corredores ou áreas comúns no caso de que non teña clase. Se ten ocios libres entre clases, poderá permanecer na biblioteca, se o aforo llo permite, do contrario terá que permanecer fora do recinto escolar.
- 4.- Para acceder ao centro será obrigatorio o uso de máscara, a que non debe quitarse en ningún momento ao longo da estancia dentro do Centro Educativo.
- 5.- O acceso ao centro será sempre pola porta principal, de un en un e mantendo a distancia de seguridade. O alumnado circulará pola escaleira e corredores, nas entradas e saídas, polo marxe dereito, tal e como marcan as frechas do chan.
- 6.- Co fin de evitar aglomeracións nos corredores antes do inicio das clases de primeiras horas, permitirase a entrada na aula que se teña asignada, 5 minutos antes do inicio.
- 7.- Para acceder á aula o alumno terá que desinfectarse as mans empregando os dispensadores de xel hidroalcohólico que hai polos corredores ou ben o dosificador que haberá no interior da propia aula.
- 8.- Antes de entrar á aula esperarase rigorosamente a que os alumnos da clase anterior saian se é o caso, e entrarase sempre dun en un, mantendo as distancias de seguridade.
- 9.- O alumno dirixirase ao seu sitio correspondente que estará numerado e o desinfectará empregando o material de aula. As cadeiras non poderán desprazarse do lugar que ocupan e se o alumno ten máis clases nesa mesma aula utilizará para todas elas ese mesmo sitio.
- 10.- Evitarase prestar material entre os alumnos, se é imprescindible, desinfectarase previamente con un pano impregnado en desinfectante.
- 11.- Se un alumno nota síntomas durante a súa estancia no centro deberá poñerse inmediatamente en contacto co teléfono 886159435, directo co equipo COVID, o que lle dará as instrucións pertinentes.
- 12.- No caso da aparición dun brote no centro seguiranse as pautas indicadas polas autoridades sanitarias as cales poderán incluír a paralización das clases presenciais.